

Biografía

Día das letras galegas 2013

Grupo de Trabajo**«Vidal Bolaño na rede.****Actividades con tics para infantil e primaria»**

Andrés Losada, Rosa María
Barca Gómez, Marta
Gallego Revaldería, Xulio
Guimarey Cedeira, Vanessa
Hortas González, Isabel
Magalhaes Alonso, Laura
Pedrosa Moreno, Julio
Pena Sánchez, Iván
Suárez Hermida, Mario Ramón
Vidal Bariego, Laura

Grupo de Trabajo**«Lingua e teatro.****Vidal Bolaño no Día das Letras Galegas»**

Aguilar Amigo, María Luísa
Barca Gómez, María
Félix Cedeira, María del Carmen
Guimarey Cedeira, Eva Raquel
Herrero Mayor, Armando Xosé
Picado Rodríguez, José Antonio
Romero Olveira, María Fátima
Santiso Andrade, Paz
Souto Pereira, María Jesús
Vidal Dopazo, María José

Asesoría pedagógica CEFOR A Coruña

Miguélez Pose, Isabel María
Sobrino Josenje, Santiago

Maquetación e deseño gráfico

Manolo Paz (www.edugaliza.org)


Colexios participantes

CEIP «W. Fernández Flórez», de Cambre
CEIP «Portofaro», de Cambre
CRA de Culleredo
CEIP «Torrente Ballester», de Sigrás-Cambre
CEIP «Montel Touzet», da Coruña
CEIP «Sal Lence», da Coruña
CEIP «Eusebio da Guarda», da Coruña
CEIP «Manuel Murguía», da Coruña
CEIP «Praia de Quenxe», de Corcubión
CEIP «Milladoiro», de Malpica de Bergantiños
CEIP «San Xosé Obreiro» de Meicende-Arteixo
CEIP de Portosín-Porto do Son
CEIP «Galán», de Oseiro-Arteixo

Á Real Academia Galega, á Universidade de Vigo, á Asociación Roberto Vidal Bolaño, a María Fernández, a Paco Guitián, a Carlos Gallego, a María Bao Fente e a todos aqueles que contribúen, anomima e desinteresadamente, á publicación destas actividades. Grazas pola vosa colaboración e xenerosidade.



Edita Seminario Permanente de Formación do
Profesorado do CEIP Galán de Oseiro-Arteixo (A Coruña)
<http://www.seminariogalan.org>



O TEATRO GALEGO



Acéptase como data de aparición do teatro galego moderno a da publicación da obra «*A fonte do xuramento*», do santiagués Francisco María de la Iglesia, aló polo ano 1882. Ese mesmo ano, o 13 de agosto, estréase polo Liceo Brigantino da Coruña. «*A fonte do xuramento*» é unha peza costumista, composta por dous actos e ambientada nun porto das Mariñas. A trama xira arredor dos amores de Minia e Felipe e os enredos dos mozos da vila por expulsar a Felipe, o forasteiro.

Multiplícanse, en adiante, as compañías de teatro formadas por actores afeccionados, vencellados a sociedades culturais e recreativas, orfeóns, ... tanto no interior do país como na Galicia da emigración, nomeadamente en Arxentina e Cuba, cunha forte colonia galega.

Na última década do XIX, o coruñés Galo Salinas, despois de voltar da emigración en Uruguai, publica «*A torre de Peito Burdelo*», obra teatral en galego centrada no tributo das cen doncelas e, un ano despois, en 1892, o cadro dramático «¡Filla...!», en verso e coa temática do honor dunha moza.

Na emigración cubana Alfredo Fernández, coñecido por «*Alfredo Nan de Allariz*», estrea o bosquejo de zarzuela galega «*O zoqueiro de Vilaboa*», nun acto e tres cadros e o monólogo «*Recordos dun vello gaiteiro*».

Xa en 1903 créase a «Escuela Regional de Declamación», liderada por Eduardo Sánchez Miño que inicia a súa andaina coa estrea de «*Filla...!*», de Galo Salinas. Estrea á que seguirán diferentes obras de Manuel Lugrís Freire ambientadas na Mariña betanceira : «*A ponte*», baseada nas inxustizas e a miseria dos aldeáns, «*Minia*», onde segue traballando coas mesmas temáticas e o drama «*Mareiras*».

Estas estreas están combinadas co ensino teatral, coa idea de crear un grupo de profesionais que no



futuro poideran levar adiante a profesionalización do noso teatro.

A «Escuela Regional de Declamación» será a primeira compañía teatral adicada a poñer en escea espectáculos en galego e á formación de profesionais neste campo.

A experiencia dura dous anos e á súa disolución apareceu un novo proxecto teatral encabezado, de novo, por Eduardo Sánchez Miño: a Escola Dramática Galega.

A súa presentación oficial será no Teatro Jofre de Ferrol, en 1908, coas obras «*Unha noite no muíño*», do propio Sánchez Miño e «*Escravitú*», de Lugrís Freire.

Froito da actividade da Escola aparecen polo país numerosos grupos de actores e actrices que o percorren con espectáculos esencialmente costumbristas, cómicos e superficiais: Cantigas da Terra da Coruña, Toxos e Froles de Ferrol, Círculo Mercantil de Santiago... así como grupos xurdidos no mundo estudiantil universitario arredor dos anos 20.

Estes grupos contan con autores que escriben os seus textos especificamente para eles.

Unha nova iniciativa de creación dun teatro profesional galego é a posta en marcha, da man das Irmandades da Fala, do Conservatorio Nacional de Arte Galega, en 1919, dirixido por Osorio Docampo, un actor formado en Lisboa.

Os obxectivos deste Conservatorio consistían, basicamente, na formación actoral, na ampliación da duración das obras en galego e na dotación do noso teatro dunha maior calidade estética e innovadora. Pero non eran os obxectivos artísticos os únicos que movían o ideario do Conservatorio: había que conducir á clase media galega cara ao nacionalismo e cara ao idioma galego, ideas baseadas na práctica política das Irmandades da Fala.

O mesmo ano da creación do Conservatorio estréase, o 22 de abril, no Pavillón Lino, da Coruña, «*A man da santiña*», de Ramón Cabanillas e «*Uma anécdota*» do portugués Marcelino Mesquita. A primeira obra fora un encargo das Irmandades da Fala



coruñesas a Cabanillas e nela tres mozas da burguesía galega falaban entre si en galego e sobre un tema alleo completamente ao noso teatro: a moda. A segunda obra, a do portugués Mesquita, viña a completar a duración do espectáculo e os obxectivos, nacionalismo e idioma, que os directivos do Conservatorio se marcaran.

Tampouco durou moito esta experiencia. Un ano despois divídese o Conservatorio, dando lugar á aparición na Coruña da Escola Dramática Galega, que pasará a dirixir Leandro Carré Alvarellos.

A ditadura de Primo de Rivera, en 1923, diminúe a actividade do teatro profesional galego, que queda reducida a simples mostras folclóricas. A Escola Dramática disólvese.

De todos os xeitos os actores e actrices non se resignan e comezan a programar actuacións de dúos cómicos e espectáculos en galego nos cafés cantante das cidades, contando coa colaboración de intelectuais galegos do talle de Rafael Dieste, Villar Ponte ou Cotarelo Valledor.

A proclamación da República, o 14 de abril de 1931, dá un novo pulo ao teatro en galego. Aparecen novos grupos: Ultreya, en Ourense, os Cadros de Declamación da Universidade Compostelá e da Coral Polifónica de Pontevedra... Pero o que parecía un rexurdir definitivo do noso teatro queda triscado polo golpe de estado de 1936.

O teatro profesional en galego parálizase pola censura e a represión e só algúns grupos de afeccionados consiguen levar á escena obras en galego. A difusión e publicación de novas obras tamén queda paralizada.

É agora cando a emigración galega en América toma o facho do noso teatro. A Compañía Maruja Villanueva triunfa en Bos Aires e, en 1941, estrean «Os vellos non deben namorarse», de Alfonso Rodríguez Castelao.

Tacholas e Maruxa Boga crean, tamén en Bos Aires, en 1941, a Compañía de Comedias Galegas «Boga-Tacholas», á que seguen a Compañía de Arte Folclórica Galega, a Compañía Lugrís Freire, o Teatro Popular Galego, o Grupo Teatral do Centro Galego




de Bos Aires, dirixido por Ramón de Valenzuela... En Galicia, a partir dos anos 60, o asociacionismo cultural vai dirixindo os seus esforzos ao teatro galego.

Cantigas e Agarimos, de Santiago, realiza representacións de teatro afeccionado dende 1959 a 1971. Na Coruña a Asociación Cultural Iberoamericana representa obras de Cunqueiro e Castelao.

Por esas datas, nos 60, en Santiago, aparece o Teatro de Cámara Ditea, formado por actores provenientes do teatro universitario e dirixidos por Agustín Magán. Nuns primeiros tempos poñen en escea actos sacramentais na Quintana. Compaxinan o teatro relixioso con outro máis comprometido politicamente, pero nestes tempos só utilizan o idioma castelán. É a partir da década dos 70 cando comezarán a utilizar exclusivamente o idioma galego.

Na Coruña, a Agrupación Cultural O Facho, achegará un novo grupo ao panorama teatral galego que estará baixo a dirección de Manuel Lourenzo. Esta mesma Asociación convoca, no ano 1973, o I Concurso de Teatro Infantil, recaendo o primeiro premio, dotado con 25.000 pesetas, na obra de Carlos Casares, «As laranxas, máis laranxas, de todas as laranxas».

A este mesmo concurso presentárase, catro anos despois, Roberto Vidal Bolaño, conseguindo unha mención honorífica pola súa obra «Xáxara, Peituda, Paniogas, Tarelo, o rapaz e o Cachamón, ou como trocar en rato pequecho ao meirande xigantón».



ROBERTO VIDAL BOLAÑO



Roberto Vidal Bolaño naceu o 31 de xullo de 1950, na cidade de Santiago de Compostela, coincidindo co remate das Festas do Apóstolo.

O mesmo Roberto comentaba, con moita retranca, que os foguetes do remate da festa foran prendidos na súa honra, para conmemorar que viñera ao mundo.

Os primeiros anos de vida, cos seus pais Roberto Vidal Ríos e Carmen Bolaño Sánchez e a súa irmá Carmen, pasan no barrio compostelán de Vista Alegre, ao comezo da estrada Santiago-Bergantiños.

Un dos seus avós posuía unha casa en Baio, a carón da do escritor Labarta Pose e na que Roberto pasará, segundo as súas propias declaracións, algúns dos mellores veráns da súa vida.

Os primeiros estudos realízaos na Escola da Troia e na Academia Ríos, da rúa do Franco e posteriormente, por mor da crise económica familiar, na Escola da Inmaculada, rexentada pola congregación relixiosa de La Salle, onde realiza os estudos de escribente administrativo


O seu seguinte destino escolar será o vello instituto da praza de Mazarelos e posteriormente o Xelmírez, onde non conseguirá facer a reválida de sexto.

Xa con doce anos comeza a súa vida laboral, concretamente nunha empresa de recambios de automóviles, Recambios Balsabas. Durante un ano percorre as rúas de Compostela en bicicleta, levando pedidos e facturando paquetes por toda a cidade.

Despois desa primeira experiencia pasa a traballar nunha axencia de viaxes, Viaxes Cantabria, coas oficinas situadas nos baixos do desaparecido edificio Castromil, na Praza de Galicia, con xornadas laborais de dez ou doce horas.

Aínda pasará por novas actividades laborais: unha tenda de coloniais, os electrodomésticos Daviña e unha sucursal do Banco de Crédito Comercial.

A súa primeira experiencia como protagonista no



mundo do teatro prodúcese á idade de quince anos. Daquela Roberto era membro das Xuventudes Obreiras de Acción Católica e recibiu o encargo de facer unha obra que representara a solidariedade da clase obreira e que se estrearía no Día do Aprendiz de 1965.

A obra levaba por título «O xogadeiro» e tiña unha duración de dous minutos. A estrea levouse a cabo no salón de actos do colexio de Placeres, en Marín, e nun determinado momento, cando dous actores transportaban unha pesada pedra, o escenario afundiou, con gran alegría dos espectadores e o enfado das monxas que cederan o local.

Desta peza, a primeira escrita por Roberto e estreada cando só tiña quince anos, non queda na actualidade ningunha copia.


No ano 1969 comeza os estudos de Graduado Social, xa que a Escola Oficial de Cine fora pechada polas autoridades franquistas e para poder ingresar na Escola de Cinematografía precisaba o Bacharelato Superior, estudos que Roberto non posuía.

Esta estaba obrigada en Santiago permítelle un achegamento ao Equipo LUPA, co que participará na produción de películas asumindo as funcións de axudante de dirección e, nalgún caso, de actor.

Son estes os anos nos que toma contacto co teatro e participa na creación do Grupo Obradoiro, formado, esencialmente, por membros do Equipo LUPA. Coa incorporación de Roberto ao servizo militar obrigatorio na cidade de Melilla o Grupo Obradoiro queda liquidado, integrándose algúns dos seus membros no grupo Rosalía de Castro, dependente da «Unión de Artesanos» de Santiago.

É a primeiros de 1974, cando un grupo formado por quince persoas deciden dar o paso de crear unha compañía de teatro afeccionado: o Grupo Antroido liderado por Roberto e Xaquín García Marcos e polo que pasarán numerosos actores e actrices non profesionais.

A escolla do nome do novo grupo teatral era unha reivindicación do mundo carnavalesco e que seguía a liña doutros grupos do momento: Esperpento, Diti-rambo, Lebrijano, Goliardos, Els Comediants...




O horario de traballo do grupo ía das oito da tarde ás once da noite, polo que ao longo dos meses se foron producindo baixas, quedando reducido o grupo a nove persoas. Durante os seis primeiros meses traballan na formación actoral, intentando mellorar a súa pouca ou nula formación teatral, utilizando os locais do colexio da Compañía de María.

En febreiro de 1974, membros de Antroido reúnen-se en Compostela con integrantes doutras formacións teatrais galegas para marcar e fixar o uso do idioma nas diferentes mostras e certames que comezaban a aparecer por Galicia. Así, acordan que na Mostra de Teatro de Ribadavia, utilizarán o idioma galego, nas «Jornadas de Vigo», o castelán e no Certame de Teatro de Marín o idioma será o escollido por cada grupo participante.

A primeira obra elixida por Antroido para a súa presentación será «*Amor e crime de Juan el Pantera*», de Eduardo Blanco Amor, estreada un 12 de marzo de 1975 nos locais da Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Santiago e no que Roberto actúa como protagonista. Con esta obra Antroido fai a súa presentación oficial na Mostra de Teatro de Ribadavia. Os anos seguintes son dedicados por Roberto á montaxe de espectáculos e a creación literaria, conseguindo a publicación pola Editorial Pico Sacro de «*Laudamuco, señor de ningures*» e «*Ledaíñas pola morte do meco*».

En 1977, Roberto perde o seu posto de traballo no Banco de Crédito Comercial, xa que durante unha baixa por enfermidade acode a Vigo a actuar con Antroido e é denunciado pola empresa e despedido.

Este feito, tan grave na vida de Vidal Bolaño, vai ser o que facilite a creación do primeiro grupo teatral profesional galego.



O GRUPO ANTROIDO



Xa lanzados á actividade teatral profesional, a primeira obra que o Antroido profesional pon en escea é «*Laudamuco, señor de ningures*», estreada o 16 de maio de 1978 no colexio La Salle, de Santiago, cunha asistencia masiva dun público que enchía as setecentas cincuenta butacas do local. O caché fixado por Antroido por cada actuación era de 25.000 pesetas, chegando ás veces ás 50.000. Con esta obra realizaron xiras por toda España e sempre utilizando o idioma galego. O total de representacións foi de noventa.

A «*Laudamuco*» sucédenlle dúas novas obras «*Entroido na rúa I*» e «*Entroido na rúa II*», que levan ao gupo a percorrer as rúas de Compostela e O Grove, nun espectáculo cheo de música e danza.

A obra «*Xáxara, Peituda, Paniogas, Tarelo, o Rapaz e o Cachamón ou como trocar en rato pequeno ao meirande xigantón*», da autoría do propio Roberto Vidal é estreada por Antroido na Mostra de Ribadavia o 6 de abril de 1979, pero recolle críticas moi negativas polo que Roberto se decide a facer unha segunda versión coa que se presenta na Coruña e onde recibe críticas moi favorables. A este seguíronlle outros espectáculos de monicreques: «*Ruada das papas e o unto*», «*Touporroutou da lúa e o sol*» e «*Romance dos figos de ouro*».

«*Ruada*» será estreada nas Pontes o 3 de xullo de 1981 e levará unha mención no concurso de Teatro Infantil do Facho. «*Touporroutou*» será estreada o ano seguinte como un espectáculo concebido para monicreques pequenos de cachiporra, coas voces gravadas e con dous ou catro actores para manipular e pór en marcha toda a representación. Antroido consegue facer con esta obra máis de oitenta funcións.

En 1983 Antroido adapta diferentes textos de



Xosé Luís Méndez Ferrín baixo o título de «*Percival*».

Por esta montaxe recibirá o premio «Medalla de Oro Ciudad de Valladolid» e o espectáculo percorrerá numerosas cidades españolas e festivais internacionais, chegando a preto das setenta representacións.

Coa creación do Centro Dramático Galego, en 1984, dáse un novo pulo ao noso teatro profesional. A Roberto Vidal correspóndelle a honra de ser o primeiro autor galego ao que o CDG representa e ao que lle encarga dirixir a súa propia obra. O 2 de outubro de 1984, no Teatro García Barbón de Vigo, estrea «*Agasallo de Sombras*», con quince actores en escea e co que se realizan vinte e sete funcións.


A obra era un espectáculo sobre a vida e obra de Rosalía de Castro pensado, nun principio, para o Grupo Antroido.

Ao ano seguinte e cando se contaba con Roberto para traballar nunha nova montaxe do CDG, xorde o veto da Xunta de Galicia á súa participación no novo espectáculo. O motivo non é outro que unhas declaracións nas que se criticaba a política teatral da Consellería de Cultura, dirixida daquela por Manuel Vázquez Portomeñe.

Deste veto saírá unha nova obra teatral: «*Caprice des dieux-Antollo de deuses*» na que ataca ao conselleiro Portomeñe, pero tamén ao resto dos profesionais do teatro galego, ao sentir que non o apoian dabondo no seu enfrontamento coa Xunta.

A obra é un monólogo no que pasa revista ás personalidades relacionadas co mundo do teatro, que son facilmente identificables polos seus alcumes e mesmo polo seus propios nomes.


Este novo espectáculo supón todo un record de funcións e nela aparece unha das iconas




que permitirá identificar a Vidal Bolaño no futuro: o nariz vermello de pallaso, que pasa directamente dun boneco á súa cara.

Son os últimos pasos do Grupo Antroido. A Consellería de Educación e Cultura dénegalle unha subvención para un novo espectáculo, ao tempo que se lle concede outra pero a cambio de modificar sustancialmente a súa proposta escénica. Roberto ve nesta actuación un agravio e renuncia á subvención de dous millóns de pesetas. Durante este parón de Antroido, Roberto entra en contacto co mundo audiovisual, facendo videos publicitarios, traballando na dobraxe como actor e director e participando en películas como «*Sempre Xonxa*», «*Los pazos de Ulloa*» e «*Brigada Central*».

En 1991 reaparece como autor cun novo texto teatral «*Saxo Tenor*», co que acada o Premio Álvaro Cunqueiro, e como actor e iluminador na obra «*A casa dos afogados*», que dirixe Manuel Lourenzo.





A estrea de «Saxo Tenor» vai ser protagonizada polo seu novo grupo, Teatro do Aquí. Esta montaxe, estreada o 12 de xaneiro de 1993 no Teatro Colón da Coruña, supuxo, daquela, o esforzo inversor máis grande da Consellería de Cultura, corenta millóns de pesetas. Por esta obra recibe Vidal Bolaño o Premio Compostela á mellor escenografía e ao mellor texto, galardón que repite un ano despois con «Días», que recibirá o premio ao mellor texto orixinal. Esta obra fora estreada en Muros, na súa Casa da Cultura, en agosto de 1993 e contaba con Roberto como actor. Consequiron chegar ás corenta e dúas representacións. Nos anos seguintes Teatro do Aquí pon en escea «O desengano do prioiro», de Otero Pedrayo; «Oé, oé, oé! Comedia grossa para un país de sainete» de Maxi Rodríguez; «A ópera do patacón» e «Anxeliños», de Roberto Vidal, co que obterá tres galardóns dos Premios María Casares: mellor texto, mellor actor secundario e mellor espectáculo do ano; «Rastros», estreada en Vilagarcía en 1998 e que levará o premio do xurado ao Mellor Espectáculo da Feira de Teatro de Huesca e o Premio María Casares ao mellor texto e á mellor actriz principal; «Doentes», estreada no Teatro Colón da Coruña en outubro dese mesmo ano e co que percorren numerosas localidades agrupadas nos Circuitos Culturais, sendo premiados na terceira edición dos Premios María Casares

A obra de dúas horas de duración conta a historia de dous pacientes que durante un par de días deambulaban por Compostela ao ser pechado o Hospital Real e non estar rematadas as novas instalacións hospitalarias. Roberto utiliza oito actores para dar vida



a máis de cincuenta personaxes.

«*Sen ir máis lonxe*», o seu seguinte espectáculo, estreado en abril de 1999 no Teatro Principal, é un monólogo dun vello pallaso, interpretado polo propio Vidal Bolaño, cunha hora e media de duración.


Este mesmo ano é o da estrea e publicación, polo CDG e o IGAEM, da súa obra «*A burla do galo*», onde se recrea o mito de don Xoán ao que Vidal Bolaño transforma en galo e obriga a viaxar dende Portugal a Galicia para pedirlle axuda ao Apóstolo Santiago. Este espectáculo é levado por terras portuguesas, rematando a xira no Pazo da Cultura de Pontevedra despois de realizar un total de corenta e dúas funcións. Á parte do seu traballo co Centro Dramático Galego coa posta en escea das obras «*Mar Revolto*» e «*Rosalía*», segue traballando co Teatro de Aquí, estreando «*Os papalagui*», na que participa como actor, director e iluminador; recibindo os Premios Maruxa Villanueva e María Casares, pola súa interpretación.

«*Os papalagui*» é a historia de Tuavii, xefe de tribu samoana de Tiavea que adica o seu tempo, e os seus monólogos, a convencer aos seus súbditos das poucas virtudes da civilización europea, poñendo en solfa o seu modo de vida.

Nesta época, Roberto xa se atopaba mal, e este foi último espectáculo no que participou como actor, chegando a valerse dunha cadeira de rodas e dun caxato. Pero a súa adicación ao teatro non se interrompe, participando como iluminador e escritor na obra «*Mar revolto*», baseada no feito real do secuestro do transatlántico portugués Santa María a mans dun comando do Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación, dirixido polo capitán Henrique Galvão, e co obxectivo de denunciar as ditaduras portuguesa e española.

A obra fora un encargo do Cento Dramático Galego e outras tres compañías teatrais do norte de Portugal para afianzar lazos entre os dous países.

A obra estréase no teatro de Campo Alegre de Oporto, o 9 de xuño de 2001 e depídese no Rosalía de



Castro da Coruña o 31 de xullo, cun total de vinte e sete funcións.

O seu seguinte espectáculo, «*Rosalía*», tamén será producido polo Centro Dramático Galego. A obra, da autoría de Otero Pedrayo é adaptada por Vidal Bolaño que a reduce, das cinco horas que ben podía levar o texto orixinal, a unha hora e corenta e cinco minutos e o cento de persoaxes da peza inicial consegue deixalos só en dezaoito.


Estréase o 19 de outubro no Salón Teatro de Compostela levando Roberto a responsabilidade da dirección e da iluminación. «*Rosalía*» é a obra dirixida por Roberto para o Centro Dramático que máis éxito de público tivo, máis de sete mil espectadores, chegando ás cincuenta representacións.

A última obra de Roberto Vidal levada a escea polo Teatro de Aquí será «*Animaliños*» que se estrea no Auditorio Municipal de Narón o 15 de marzo de 2002, chegando a acadar as corenta e oito representacións. A trama da obra xira arredor dunha plaga de caracois que invade unha urbanización e sobre os métodos usados polos veciños para a súa eliminación, que provocan máis danos que os mesmos caracois. Ao parecer a orixe desta obra está na experiencia do propio autor cando foi vivir a unha urbanización de adosados nos arredores de Santiago

Esta nova proposta teatral de Roberto acadará catro Premios María Casares: texto, iluminación, dirección e espectáculo.

A finais de agosto de 2002 asiste á Feira de Teatro de Ciudad Rodrigo onde se vai pasar unha versión en castelán de «*Animaliños*» e dará unha conferencia dentro da programación da Feira, sobre as súas experiencias como director e autor teatral.

Á volta a Galicia ingresa no Hospital Clínico Universitario de Compostela ao empeorar do cancro de pulmón que lle diagnosticaran dous



anos antes, falecendo na madrugada do 11 de setembro.

O seu corpo será velado no escenario do Salón Teatro de Santiago e sobre a súa caixa figurarán os símbolos que definiron a Roberto, o chapeu, que comezara a usar como homenaxe á falecida actriz Cruz Comesaña, e o nariz de pallaso.

O enterro terá lugar no cemiterio compostelán de Boisaca, cubríndose o cadaleito coa bandeira galega e sendo levado a ombros polos integrantes da súa compañía. Ao acto, celebrado na tarde do xoves, 12 de setembro, asisten numerosas personalidades do mundo da cultura, da política e do mundo do teatro.



A MOSTRA DE RIBADAVIA



No ano 1969 aparece na localidade ourensá de Ribadavia a Agrupación Cultural Abrente que vai dirixir parte das súas actividades á organización dunha Mostra de Teatro Galego, que dará a coñecer a novos autores e grupos teatrais galegos.

A primeira Mostra de Teatro realízase no ano 1973, cando a entidade estaba presidida por Rubén García.

Arredor da Mostra aparecen unha chea de autores galegos, comprometidos co noso teatro e o noso idioma aos que lle vai dar un novo pulo a celebración do Concurso Abrente de Textos Teatrais en Galego, que Roberto Vidal Bolaño acadou na edición de 1980, coa obra «*Bailadela da Morte Dito-sa*».

A historia da Mostra de Teatro de Ribadavia é a historia do teatro galego contemporáneo. Por ela pasaron toda clase de grupos teatrais, afeccionados ou profesionais, reivindicativos ou costumistas, pero co denominador común de facer o seu teatro en idioma galego e buscar alternativas á dramaturxia galega. Na primeira edición só participaron oito grupos e xa na segunda, en 1974, o número foi de doce, medrando a participación a medida que pasaban os anos.

Foi moi importante o labor desenvolvido pola Asociación Cultural Abrente ao dar a coñecer, mediante o seu premio teatral, a novos autores así como a publicación da colección «Ribadavia», na que se difundían as obras gañadoras. Na nómina de premiados e nominados atopamos aos grandes autores do noso teatro actual: Bernardino Graña, Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal, Manuel María, Ánxeles Penas... e o propio Roberto Vidal, gañador da súa oitava edición.



XÁXARA, PEITUDA, ...




PEITUDA: Eu vin ser bailadora mesmo dende que nacín. Funlle parella de moitos e de moi bos bailaríns. Iamos de romaría a San Campio, a Santa Minia e a San Fermín. Bailabamos dende a mañá até a noite, ao son da gaita, do pandeiro e do tamboril. Aprendín de pequena e sempre que bailei fíxeno así.

O PANIOGAS ESCOMEZA A TOCAR O PANDEIRO, O RAPAZ A GAITA E O TARELO O TAMBORIL. A PEITUDA BOTA UNS PASOS DE BAILE E O XIGANTÓN ESCOMEZA A RUXIR. DEIXAN DE BAILAR E TOCAR SÚPETAMENTE.

PEITUDA: E agora Señor, vostede quere que me esqueza de canto aprendín. Que alén destas terras ninguén baila así? E a min que me importa se eu nacín aquí!

AGORA É O PANIOGAS O QUE SE DIRIXE A EL.

PANIOGAS: Señor, eu toco o pandeiro porque do meu pai aprendín. Facíaos el mesmo na casa e un día deume un noviño para mín. Collino coas miñas manciñas e apreteino contra o peito, dei catro palmadas seguidas e sentín que o seu son ficaría para sempre xa en dentro de min. E agora vostede quere que me esqueza de canto tocando o pandeiro sentín. Que alén distas terras ninguén toca así? E a min que me importa se eu nacín aquí!



XÁXARA, PEITUDA, PANIOGAS, TARELO, O RAPAZ E O CACHAMÓN OU COMO TROCAR EN RATO PEQUECHO AO MEIRANDE XIGANTÓN

TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL



O ENANO: Velo aí tes o tesouro que eu gardo. É de fíos preciosos. Pero só te poderás facer con el se es quen de me falar nunha lingua que eu non coñeza. E coñézoas todas. Galego, francés, alemán, chinés, hebreo, quechua... Veña, di algo! Se non o entendo, é teu.

O TATEXO: *(Con grande esforzo)* Poppoiis nononon mememe popopoderei fafafafer cococon el.

O ENANO: Como dis? Repítemo outra vez, por se non oín ben.

O TATEXO: Quequequeque nononon mememe popopoderei fafafafer cococon el.

O ENANO: *(Con asombro)* Non pode ser.

O TATEXO: Oooooo qqqqqe?

O ENANO: Non hai maneira! Non te entendo! Non podes falar máis claro?

O TATEXO: Nonononon seseseñor.

O ENANO: Pois amoláchesme! Esa lingua non a coñezo. Toma, aí o tes, o tesouro é teu.


(O rapaz, sen o crer alá moito, bóta-lles man aos fíos todos e dispónse a saír con eles correndo)

O TATEXO: Momomomomoiatatatas gragragrgracias.

O ENANO: Antes de que te vaias e, só por matar o verme, en que lingua me falaches?

O TATEXO: Eeee en en en cacacal hahabía ser? En galego, naturalmente! Pero son tatexo e ás veces entrampállome un pouco. Anque non sempre, como pode ver.

O ENANO: Serei paspán! Como non me decatei?



LAUDAMUCO, SEÑOR DE NINGURES



ROUCO-MAXISTRADO: Está claro, Señor. Se executa a todas cantas persoas aparecen inculpadas nos feitos, e polo que puiden ver son tantas como habitantes ten o Reino, sen contar aos Nobres, ricos comerciantes, Ministros, Sumos Sacerdotes, Maxistrados e demais outos dignatarios, xa non ficará nel ninguén en quen vostede poida exercer a autoridade nin ninguén que poida deixar de respectala. Simplemente non terá pobo, Maxestade.

LAUDAMUCO: *(Cabreado)* O meu maxistrado nunca diría tan aldraxante insolencia!

ROUCO: Disimúleme o Señor. Só dixen o que coidaba máis axeitado.

LAUDAMUCO: Pois trabucácheste... Aínda podería exercela en ti.

ROUCO: Pouco reino son eu, Señor.

LAUDAMUCO: Mariscal! E certo o que di o Maxistrado?

ROUCO-MARISCAL: Coido que si, Señor.

LAUDAMUCO: Quere eso decir que só ficaríamos no Reino eu e os catro pelexos de vertedeiro que vivides de moínantes á sombra da miña grandeza.

ROUCO-MAXISTRADO: Máis ou menos, Señor.

LAUDAMUCO: *(Cabreado)* E quen faría a colleita? Quen apañaría as patacas? Quen vendimaría? Quen traballaría nos talleres? Quen remataría o teito do meu pazo de verán? Quen pagaría as contribucións e os impostos? Eh? Quen? Vós? Vós, que nunca dobrastes o espiñazo máis abaixo do que vos esixen as reverencias e o protocolo da corte.

